

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADITIVAS**

1.- O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. No exercicio das súas competencias, correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro, no marco das competencias en materia de asociacións e fundacións.

2.- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes actuacións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións, colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes de capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais

A Asociación Érguete está a desenvolver o programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a persoas con problemática legal (delincuentes primarios en período de suspensión de condena ou en circunstancias susceptibles de acceso ao Programa, cun baixo índice de perigosidade ademais de cun nivel medio-alto de motivación para o cambio). Este programa, que nace en resposta á petición de xuíces e fiscais de posta en marcha dun programa de intervención en delitos menores ou primeiros delitos como alternativa á pena privativa de liberdade ou compensatoria nas concesións de suspensión de condena, comeza a súa andaina no ano 2007. O obxectivo básico deste programa é intervir ao comezo da actitude delituosa para lograr acadar a integración social plena, consciente e satisfactoria das persoas que delinquen.

O obxecto da Asociación Érguete é destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro de fins de interese xeral para a comunidade, encamiñados a inserción socio-laboral de persoas con especial dificultade de integración na sociedade. En particular a entidade



promoverá todas aquelas accións que respectando as disposicións legais existentes, fomenten a formación profesional, a reeducación, a reinserción social e alfabetización dos colectivos marxinais dentro da Comunidade Autónoma.

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Érguete o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2023.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Érguete Prevención e Intervención en Condutas Aditivas, para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2023 do Programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado a:

- Persoas con suspensión de condeas
- Persoas con medidas alternativas a prisión (traballos en beneficio da comunidade)
- Persoas en 1º, 2º e 3º grao penitenciario
- Persoas con causas xudiciais pendentes
- Menores con problemas de consumo e/ou conduta
- Menores con cumprimento de medidas xudiciais (tarefas socioeducativas)
- Menores sancionados por tenencia de cannabis ou outras drogas

5.- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar coa Asociación Érguete no desenvolvemento destas actividades.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aboará á Asociación Érguete a cantidade de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €) conforme ao orzamento recollido no Anexo I deste Convenio e que se distribúen do seguinte xeito: TRINTA E CINCO MIL CENTO VINTE E CINCO EUROS (35.125,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria



06.01.121A.481.1 (CP: 2015 00089) e CATORCE MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (14.875,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0 (CP: 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula cuarta do convenio recóllese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

Aplicación 06.01.121A.481.1, código de proxecto 2015 00089:

- Eixo E5, "Gobernanza"
- Prioridade de actuación: PA01 - "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico: E03 - "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión"
- Obxectivo operativo: OO01 - "Accións para o aumento da eficiencia das administracións"



públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica”

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3	2
INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	5-PEG	14,33	0

Aplicación 06.03.131A.481.0, código de proxecto 2015 00089

- Eixo: E5 - Eixe 5. “Gobernanza”
- Prioridade de actuación: PA01 - “Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade.”
- Obx. estratéx./Intrumen.: E02 - “Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas”
- Obxectivo operativo: OI01 - “Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)”

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión
INFAN 1- Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia	5-PEG	14,33

A secretaria xeral técnica  
(asinado dixitalmente á marxe)

Elena Muñoz Fonteriz

